



«Sen Ramón Piñeiro non teríamos o sistema literario que hoxe temos», afirma Queixas | A. BALLESTEROS

«Piñeiro tentou restaurar o elo que se quebrou en 1936»

Estuda nun manual o labor político, de pensador e de activismo cultural da figura do Día das Letras deste ano

J. G.

SANTIAGO | A ampla produción de estudos sobre historia da literatura galega, con orientación para o ensino, fan desta docente unha das persoas máis influentes dos últimos anos na visión que se dá sobre os escritores do país. Ten algúns estudos tamén específicos sobre os autores medievais, Manuel María ou Sarmiento. Agora Mercedes Queixas publica *Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política*, que presentou na librería Couceiro, acompañada de Pilar García Negro e de Francisco Pillado, o editor de Laiovento.

—¿Como fixo este libro?

—Foi unha encomenda de Francisco Pillado, cando o ano pasado se coñeceu que a Real Academia Galega lle dedicaba a Piñeiro o Día das Letras Galegas. Comecei a recuperar bibliografía e a reler a súa obra.

—¿E como traballou a figura de Piñeiro?

—Este é un manual de divulgación do seu pensamento e personalidade, que procura

achegar Ramón Piñeiro á nosa sociedade. Trato de explicar o que motiva o recoñecemento deste 17 de Maio, e de esclarecer os contextos históricos, políticos e culturais en que se deu a súa intervención. No final vai acompañado dun «Apéndice», con cartas de Castelao, Rodolfo Prada, Fernández del Riego ou Carvalho Calero, para axudar o lector a que o coñeza mellor.

—¿Que salienta máis: o político, o pensador ou o activista cultural?

—Todo, porque foi unha figura moi comprometida coa lingua, a cultura e os sinais identitarios galegos. Foi membro do Partido Galeguista e fundador das Mocidades Galeguistas de Lugo antes da Guerra de 1936, e mesmo despois tivo relaciónamento con ese partido político.

—No entanto, mudou a actividade política pola cultural, ¿non é?

—Iso aconteceu despois da morte de Castelao. E non se pode negar a importancia do labor que desempe-

ñou na editora Galaxia, como director literario, onde tentou restaurar o elo que se quebrou en 1936: Carvalho Calero, Cunqueiro ou Otero Pedrayo publican de novo en galego grazas a Galaxia; e emerxen outros novos nomes, algúns hoxe certamente importantes, como Novoneyra, Manuel María, Ferrín, García Bodadío, Queizán... Sen ese labor non teríamos o sistema literario que hoxe temos.

—¿Que significado lle dá hoxe ao Día das Letras?

—Para min, todos os días do ano son das Letras Galegas. Quizá esta data debería servir máis para recuperar información, datos que faltan para reconstruírmos e entender o presente, vinculado ao pasado; para recuperarmos e avanzar na investigación dos nosos antecesores.

—¿Merece Ramón Piñeiro esta homenaxe?

—Merece. E vai servir para que deixe de ser unha figura controvertida e obxecto de discrepancia para moitos pola súa estratexia.